

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

DENTRO DO PROXECTO EDICIÓN

As 'Palabras Contadas' de Camilo Franco, na Fundación Luís Seoane

Este sábado 20, a partir das oito, a Fundación [Luís Seoane](#) amosa nova exposición. E non é de artes plásticas.... ou si. É de palabras. As *Palabras contadas* de Camilo Franco. O libro, publicado en [Xerais](#), contiña máis dun cento de microrrelatos, trinta argumentos de novela, e cinco relatos algo máis extensos, adubando co humor e ironía propios do autor temas como o amor, a morte, a dor ou a alegría. Agora, no marco de [Proxecto Edición](#), cambia o soporte: a palabra segue a ser o código e o significante, pero en soportes propios da cultura de masas postindustrial. O lector é espectador agora. A literatura ocupa novos espazos, e xa non está pechada nun libro, senón que se exhibe.

- 13:22 18/01/2007

A palabra e a narración son postas en escena, expostas, amosadas dende a parede. Saen do soporte tradicional para situárense no centro de espazos que poden ser considerados escénicos. A reivindicación da palabra como creadora de ámbitos carrega a creación de espazos en que o relato adquira significado completo. Cada historia é dotada de novos códigos para proxectar o argumento. A imaxe é narrativa.

O escritor e xornalista Camilo Franco (Ourense, 1963) é correspondente cultural de "La Voz de Galicia", publicou *A lúa no cénit e outros textos* (1988), *Ribadavia* (1993), *En malos pasos* (Xerais 1995), o relato "Chuvia tralos cristais" no libro *Narradores de cine* (Xerais 1996), que el mesmo coordinou; [Por conto alleo](#) (2003), no que reúne a serie de colaboracións publicadas por Vieiros ao longo de 1999 (dous anos despois coordinou a experiencia de literatura en rede [Necesariamente X](#), na que reflexionaba sobre o carácter contracultural da pornografía), e *Palabras contadas* (Xerais 2006).